

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FACENDA

**18665** *REAL DECRETO 1082/2001, do 5 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que han de presentar para os efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios, e o Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas, e se modifican os requisitos para a presentación de declaracións en euros. («BOE» 240, do 6-10-2001.)*

Este real decreto modifica determinados artigos do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que han de presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios, e do Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas, e se modifican os requisitos para a presentación de declaracións en euros.

Estas modificacións veñen determinadas, en primeiro lugar, pola incorporación ó noso ordenamento xurídico da doutrina contida na sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 21 de marzo de 2000 (sentencia Gabalfrisa), en relación coa deducción das cotas soportadas pola adquisición de bens e servicios antes do inicio das entregas de bens e prestacións de servicios que constitúan o obxecto dunha actividade empresarial ou profesional.

En efecto, a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu modificacións nos artigos 5, 93, 105, 111, 112 e 113 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, para adecuar esta á referida doutrina. Faise agora necesario dar nova redacción ó artigo 27 do regulamento do devandito imposto para desenvolver determinadas normas referentes á deducción das cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais. Pola mesma razón, tamén é obxecto de modificación o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, antes citado, coa finalidade de adecuar a regulación da declaración censual de comezo e de modificación ós cambios introducidos na Lei do imposto con respecto á definición de empresario e á concreción do momento de inicio da actividade.

Así mesmo, modifícanse o artigo 28 do citado regulamento, e os artigos 9 e 10 do Real decreto 1041/1990,

no que se refire ó réxime das opcións e solicitudes en materia de deduccions, coa finalidade de aclarar as diferentes situacións que se poden formular, determinando os prazos de exercicio e os seus efectos.

En segundo lugar, faise preciso desenvolver regulamentariamente as facultades que a nova disposición adicional sexta da Lei 37/1992, introducida pola Lei 14/2000, outorga ó adxudicatario de bens ou dereitos en procedementos administrativos ou xudiciais de execución forzosa, concretando as condicións para o exercicio das devanditas facultades, así como as obrigas existentes en relación con estas.

Igualmente, introdúcense outras modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, coa finalidade de simplificalo e aclarar algúns aspectos do seu contido. Por tal razón, derróganse os números 3, 4 e 5 do seu artigo 10, nos que se concretaban os requisitos de aplicación dalgunhas exencións previstas no artigo 22 da Lei do imposto.

Tal derogación está xustificada, en parte, pola aprobación do Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que desenvolve regulamentariamente algunhas de tales exencións nesta materia. A previsión contida na disposición derogatoria única do Real decreto 3485/2000, supuxo de facto a derogación dos referidos números do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, polo que se considera adecuada a súa derogación expresa.

Por outra banda, debe terse en conta que outras exencións previstas no citado artigo da lei teñen unha regulación ou un desenvolvemento regulamentario propio, o que tamén fundamenta a derogación dos números 3, 4 e 5 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido. Así, a aplicación das exencións previstas para as operacións relativas á Organización do Tratado do Atlántico Norte e ós estados partes do devandito tratado, atópase desenvolvida no Real decreto 1967/1999, do 23 de decembro.

Así mesmo, e no que respecta á aplicación do Protocolo de Privilexios e Inmunities das Comunidades Europeas en materia do imposto sobre o valor engadido, haberá que aterse ó Troco de Notas, constitutivo do acordo entre o Reino de España e a Comisión Europea, relativo ás disposicións de desenvolvemento do devandito Protocolo no Reino de España, realizado «ad referendum» en Bruxelas o 24 de xullo de 1996 e o 2 de outubro de 1996 («Boletín Oficial del Estado» do 7 de febreiro e do 27 de xuño de 1997).

Outra modificación relevante no imposto sobre o valor engadido está constituída pola obriga de aboar xuros de mora nos casos nos que se incorrera nun atraso na devolución ós empresarios ou profesionais non establecidos no ámbito territorial de aplicación do devandito imposto das cantidades por estes solicitadas, de acordo co previsto no artigo 119 da Lei do imposto. Con esta finalidade, engádesse un novo número 3 no artigo 31

do Regulamento do imposto, recoñecendo esta obriga de aboamento de xuros, de maneira que a nosa lexislación se adecue á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas sobre esta materia.

Respecto ás obrigas formais e á xestión do imposto sobre o valor engadido, dispúxose, por un lado, a inclusión dos documentos equivalentes á factura no novo suposto de inversión do suxeito pasivo previsto polo artigo 140 quinquies da lei, entre os que han de anotarse no libro rexistro de facturas emitidas. Por outro lado, remítese á correspondente orde o establecemento doutros supostos que obrigan á presentación de declaracións-liquidacións especiais non periódicas, para recolle-los casos que non están previstos expresamente na enumeración que contén o regulamento do devandito imposto na actualidade.

Por outra banda, introdúcese unha modificación no Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas, co obxecto de estende-la colaboración externa na xestión tributaria ó ámbito da citada declaración informativa, de forma similar á regulación xa existente respecto ó imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre o valor engadido ou o imposto sobre sociedades. Esta modificación permitirá de forma inmediata a presentación telemática da declaración anual de operacións con terceiras persoas (modelo 347), o que beneficiará non só ós contribuíntes, ó evitarlles desprazamentos, senón tamén á Administración tributaria, ó axilizar de forma moi considerable o tratamento da información recibida.

Por último, introdúcese unha disposición adicional coa finalidade de flexibiliza-los requisitos establecidos no Real decreto 1966/1999, do 23 de decembro, polo que se modifican e introducen diversas normas tributarias e aduaneiras para a súa adaptación á introducción do euro durante o período transitorio, que desenvolve a Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, de maneira que non sexa necesario que os obrigados tributarios que opten pola presentación das súas declaracións en euros teñan adaptada a esta moeda a súa contabilidade ou os seus libros rexistro desde o primeiro día do exercicio, nin que presentaran a primeira declaración do exercicio en euros.

Sobre este particular, debe terse en conta que durante 2001 se producirá previsiblemente unha masiva adaptación ó euro, polo que, en definitiva, se debe permiti-lo exercicio da opción de declarar en euros cando o contribuínte adapte a súa contabilidade ou os seus libros rexistro fiscais á devandita unidade de conta, aínda que non se realizara tal adaptación o primeiro día do inicio do período impositivo. Con iso trátase de limita-los custos indirectos derivados do cumprimento das obrigas fiscais, e facilita-la introducción do euro durante este ano 2001, evitando que os contribuíntes que teñen adaptada a súa contabilidade ou os seus libros rexistro ó euro non poidan, sen embargo, presenta-las súas declaracións ou autoliquidacións na devandita moeda.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2001,

## DISPÕÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificacións do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

1. Derróganse os números 3, 4 e 5 do artigo 10, e o número 7 pasa a se-lo número 3 do devandito artigo.

2. O artigo 27, actualmente sen contido, quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 27. *Deduccions das cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

1. Os que non viñesen desenvolvendo con anterioridade actividades empresariais ou profesionais, e efectúen adquisicións ou importacións de bens ou servizos coa intención de destinalos á realización de tales actividades, deberán poder acredita-los elementos obxectivos que confirmen que no momento en que efectuaron as devanditas adquisicións ou importacións tiñan esa intención, podendo serlles esixida tal acreditación pola Administración tributaria.

2. A acreditación á que se refire o número anterior poderá ser efectuada por calquera dos medios de proba admitidos en dereito.

A tal fin, poderán terse en conta, entre outras, as seguintes circunstancias:

a) A natureza dos bens e servizos adquiridos ou importados, que haberá de estar en consonancia coa índole da actividade que se ten intención de desenvolver.

b) O período transcorrido entre a adquisición ou importación dos devanditos bens e servizos e a utilización efectiva destes para a realización das entregas de bens ou prestacións de servizos que constitúan o obxecto da actividade empresarial ou profesional.

c) O cumprimento das obrigas formais, rexistrais e contables esixidas pola normativa reguladora do imposto, polo Código de comercio ou por calquera outra norma que resulte de aplicación ós que teñen a condición de empresarios ou profesionais.

A este respecto, terase en conta en particular o cumprimento das seguintes obrigas:

a') A presentación da declaración de carácter censal na que debe comunicarse á Administración o comezo de actividades empresariais ou profesionais polo feito de efectua-la adquisición ou importación de bens ou servizos coa intención de destinalos á realización de tales actividades, a que se refiren o número 1.º do punto un do artigo 164 da Lei do imposto e o número 1 do artigo 9 do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que han de presentar para os efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios.

b') O mantemento en debida forma das obrigas contables esixidas no título IX deste regulamento, e, en concreto, do libro rexistro de facturas recibidas e, se é o caso, do libro rexistro de bens de investimento.

d) Dispoñer de ou solicita-las autorizacións, permisos ou licencias administrativas que fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade que se ten intención de realizar.

e) Ter presentado declaracións tributarias correspondentes a tributos distintos do imposto sobre o valor engadido e relativas á referida actividade empresarial ou profesional.

3. Se o adquirente ou importador dos bens ou servizos a que se refire o número 1 deste artigo non pode acreditar que no momento en que adqui-

riu ou importou os devanditos bens ou servicios o fixo coa intención de destinalos á realización de actividades empresariais ou profesionais, as devanditas adquisicións ou importacións non se considerarán efectuadas en condición de empresario ou profesional e, polo tanto, non poderán ser obxecto de deducción as cotas do imposto que soporte ou satisfaga con ocasión das devanditas operacións, nin sequera no caso en que nun momento posterior á adquisición ou importación dos referidos bens ou servicios decida destinalos ó exercicio dunha actividade empresarial ou profesional.

4. O sinalado nos números anteriores deste artigo será igualmente aplicable a quen, tendo xa a condición de empresario ou profesional por vir realizando actividades de tal natureza, inicie unha nova actividade empresarial ou profesional que constitúa un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade.»

3. Dáselle nova redacción ó artigo 28, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 28. *Opción e solicitudes en materia de deduccions.*

1. Os suxeitos pasivos poderán exercer a opción e formula-las solicitudes en materia de deduccions que se indican a continuación, nos prazos e cos efectos que así mesmo se sinalan:

1.º Opción pola aplicación da regra de pro rata especial, a que se refire o número 1.º do punto dous do artigo 103 da Lei do imposto.

A devandita opción poderá exercerse nos seguintes prazos:

a) En xeral, durante o mes de decembro do ano anterior a aquel a partir do cal se desexa que comece a producir efectos.

b) Nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais, e nos de inicio dunha actividade que constitúa un sector diferenciado respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, ata a finalización do prazo de presentación da declaración-liquidación correspondente ó período en que se produza o comezo na realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a tales actividades.

A opción pola aplicación da regra de pro rata especial producirá efectos en tanto non sexa revogada polo suxeito pasivo. A devandita revogación poderá efectuarse durante o mes de decembro do ano anterior a aquel a partir do cal se desexa que esta comece a producir efectos.

2.º Solicitud de aplicación dun réxime de deducción común para os sectores diferenciados comprendidos no artigo 9, número 1.º, letra c), letra a') da Lei do Imposto, prevista no número dous do artigo 101 da dita lei.

A solicitud a que se refire este número 2.º poderá formularse nos seguintes prazos:

a) En xeral, durante o mes de novembro do ano anterior a aquel en que se desexa que comece a producir efectos.

b) Nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais, e nos de inicio de actividades que constitúan un sector diferenciado respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, ata a finalización do mes seguinte a aquel no curso do cal se produza o comezo na realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a tales actividades.

O réxime de deducción que se autorice unicamente poderá ser aplicable respecto de cotas que sexan soportadas ou satisfeitas a partir do momento en que se produza o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais, e que o sexan a partir das datas que se indican a seguir, tanto no suposto de autorización do réxime notificada pola Administración ó suxeito pasivo dentro do prazo dun mes a que se refire o número dous deste artigo, como no suposto de autorizacións que deban entenderse concedidas por transcorre-lo referido prazo dun mes sen que se producise a notificación da resolución da Administración:

a) O día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se presentou a solicitude, no caso das solicitudes presentadas ó amparo do disposto na letra a) do segundo parágrafo deste número 2.º

b) A data en que se produza o comezo da realización habitual das entregas de bens e prestacións de servicios no caso de solicitudes presentadas segundo o previsto na letra b) do segundo parágrafo deste número 2.º

O réxime de deducción común autorizado producirá efectos en canto non sexa revogado pola Administración ou renuncie a el o suxeito pasivo. A devandita renuncia poderá efectuarse durante o mes de decembro do ano anterior a aquel a partir do cal se desexa que esta teña efectos.

Por excepción ó sinalado no parágrafo anterior, o réxime de deducción común autorizado non producirá efectos en cada un dos anos nos que o montante total das súas cotas deducibles por aplicación exceda nun 20 por 100 ou máis do que resultaría de aplicar con independencia o réxime de deduccions respecto de cada sector diferenciado.

3.º Solicitud de aplicación dunha porcentaxe provisional de deducción distinta do fixado como definitivo para o ano precedente, a que se refire o número dous do artigo 105 da Lei do imposto.

A solicitud a que se refire este número 3.º poderá presentarse nos seguintes prazos:

a) En xeral, durante o mes de xaneiro do ano no que se desexa que produza efectos.

b) No caso en que se produzan no ano en curso as circunstancias que determinan que a porcentaxe fixada como definitiva no ano anterior non resulte adecuada como porcentaxe provisional, ata a finalización do mes seguinte a aquel no curso do cal se produzan as devanditas circunstancias.

A porcentaxe provisional autorizada producirá efectos respecto das cotas soportadas a partir das seguintes datas:

a') No caso de autorización da porcentaxe provisional de deducción notificada pola Administración ó suxeito pasivo dentro do prazo dun mes a que se refire o número 2 deste artigo, a data que indique a Administración na citada autorización.

b') No caso de autorización da porcentaxe provisional de deducción que deba entenderse concedida por transcorre-lo referido prazo dun mes sen que se producise a notificación da resolución da Administración, o primeiro día do período de liquidación do imposto seguinte a aquel en que se producise a finalización do citado prazo.

4.º Solicitud pola que se propón a porcentaxe provisional de deducción a que se refire o número dous do artigo 111 da Lei do imposto, aplicable

nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais e nos de inicio de actividades que constitúan un sector diferenciado respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, e en relación coas cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó momento en que comece a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes ás devanditas actividades.

Non será necesaria a presentación da referida solicitude cando as entregas de bens ou prestacións de servicios que constituirán o obxecto das actividades que se inician e, se é o caso, o das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, sexan exclusivamente operacións das enumeradas no número un do artigo 94 da Lei do imposto a realización do cal orixina o dereito a deducir, e non se vaian percibir subvencións das previstas no apartado dous do artigo 112 da Lei do imposto. Para tales efectos, non se terán en conta as operacións a que se refire o número tres do artigo 104 da mesma lei.

A solicitude a que se refire este número 4.º deberá formularse ó tempo de presenta-la declaración censual pola que debe comunicarse á Administración o inicio das referidas actividades.

5.º Solicitude da porcentaxe provisional de deducción a que se refire o segundo parágrafo do número tres do artigo 105 da Lei do imposto, aplicable nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais e nos de inicio de actividades que constitúan un sector diferenciado respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade. A devandita porcentaxe é a que resulta aplicable no ano en que se produza o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a tales actividades e respecto das cotas soportadas ou satisfeitas a partir do momento en que se produza o devandito comezo, cando non resultase aplicable a porcentaxe provisional de deducción a que se refire o número 4.º anterior, por non se determinar este último.

Non será necesaria a presentación da referida solicitude cando as entregas de bens ou prestacións de servicios que constituirán o obxecto das actividades que se inician e, se é o caso, a das que se viñan desenvolvendo con anterioridade, sexan exclusivamente operacións das enumeradas no número un do artigo 94 da lei a deducir, e non se vaian percibir no ano en que resulte aplicable a porcentaxe provisional, subvencións que deban incluírse no denominador da fracción da regra de pro rata segundo o disposto no número 2.º do punto dous do artigo 104 da Lei do imposto. Para tales efectos, non se terán en conta as operacións a que se refire o número tres do artigo 104 da mesma lei.

A solicitude a que se refire este número 5.º deberá formularse ata a finalización do mes seguinte a aquel durante o cal se produza o comezo na realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes ás citadas actividades.

2. As solicitudes, a renuncia, e a opción e revogación desta última, a que se refire o número anterior, formularanse ante o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso das citadas solicitudes, a Administración disporá do prazo dun mes, contado desde a data en que tiveran entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, para notificarlle ó interesado a resolución dictada respecto destas,

debedo entenderse concedidas unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se producise a referida notificación.»

4. Modifícase o número 2.º do punto 1 do artigo 31 e engádese un novo número 3 ó devandito artigo, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«2.º A Axencia Estatal de Administración Tributaria será a competente para a tramitación e resolución das solicitudes de devolución reguladas neste artigo.»

«3. Transcorrido o prazo establecido no segundo parágrafo do punto anterior para notifica-lo acordo adoptado sen que se ordenara o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, aplicarase á cantidade pendente de devolución o xuro de mora a que se refire o artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria, desde o día seguinte ó da finalización do devandito prazo e ata a data do ordenamento do seu pagamento, sen necesidade de que o interesado así o reclame.»

5. Modifícase o número 5 do artigo 63, que quedará redactado do seguinte xeito:

«5. Os documentos relativos ás operacións a que se refiren os artigos 84, punto un, número 2.º, 85 e 140 quinquies da Lei do imposto sobre o valor engadido deberán ser anotados neste libro rexistro coa debida separación, reflectindo exactamente o número, data, proveedor, natureza da operación, base imponible, tipo impositivo e cota.»

6. Modifícanse os números 1 e 5 e engádese un novo número 7.º no punto 7 do artigo 71, que quedarán redactados do seguinte xeito:

Un.

«1. Salvo o establecido en relación coas importacións, os suxeitos pasivos deberán realizar por si mesmos a determinación da débeda tributaria mediante declaracións-liquidacións axustadas ás normas contidas nos números seguintes.

Os empresarios e profesionais deberán presenta-las declaracións-liquidacións periódicas a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo, así como a declaración resumo anual prevista no apartado 6, mesmo nos casos en que non existan cotas devengadas nin se practique deducción de cotas soportadas ou satisfeitas.

A obriga establecida nos parágrafos anteriores non alcanzará aqueles suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto.»

Dous.

«5. A declaración-liquidación será única para cada empresario ou profesional, sen prexuízo do que estableza o ministro de Facenda en atención ás características dos réximes especiais establecidos no imposto, e do previsto na disposición adicional quinta deste regulamento.

Non obstante, o órgano competente da Administración tributaria poderá autoriza-la presentación conxunta, nun só documento, das declaracións-liquidacións correspondentes a diversos suxeitos pasivos, nos supostos e cos requisitos que en cada autorización se establezan.

As autorizacións outorgadas poderán revogarse en calquera momento.»

Tres.

«7.º Calquera outro suxeito pasivo para o que así se determine por orde do ministro de Facenda.»

7. Modifícase a disposición adicional cuarta, que quedará redactada do seguinte xeito:

«Cuarta. Disposicións que continúan en vigor.—Seguirán en vigor as disposicións que se indican a continuación:

a) O Real decreto 669/1986, do 21 de marzo, polo que se precisa o alcance da substitución de determinados impostos polo imposto sobre o valor engadido, en aplicación de convenios cos Estados Unidos de América (“Boletín Oficial del Estado” do 10 de abril).

b) O Real decreto 1617/1990, do 14 de decembro, polo que se precisa o alcance de determinadas exencións do imposto sobre o valor engadido, en aplicación do Convenio do 30 de maio de 1975, polo que se crea a Axencia Espacial Europea (“Boletín Oficial del Estado” do 19 de decembro).

As solicitudes de devolución que procedan en cumprimento da disposición anterior deberán referirse ás cotas soportadas en cada trimestre natural e formularanse ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria no prazo dos seis meses seguintes á terminación do período a que correspondan.

c) O Real decreto 1571/1993, do 10 de setembro, polo que se adapta a regulamentación da matrícula turística ás consecuencias da harmonización fiscal do mercado interior (“Boletín Oficial del Estado” do 15 de setembro).»

8. Engádesse unha nova disposición adicional quinta, que quedará redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional quinta. *Procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa.*

Nos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa ós que se refire a disposición adicional sexta da Lei do imposto, os adxudicatarios que teñan a condición de empresario ou profesional están facultados, en nome e por conta do suxeito pasivo, e con respecto ás entregas de bens e prestacións de servizos suxeitas a este que se produzan naqueles procedementos, para expedir a factura en que se documente a operación e se repercute a cota do imposto, presenta-la declaración-liquidación correspondente e ingresa-lo importe do imposto resultante, así como para efectuar, se é o caso, a renuncia ás exencións prevista no apartado dous do artigo 20 da dita lei, sendo aplicables as seguintes regras:

1.ª O exercicio polo adxudicatario destas facultades deberá ser manifestado por escrito ante o órgano xudicial ou administrativo que estea a desenvolver-lo procedemento respectivo, de forma previa ou simultánea ó pagamento do importe da adxudicación.

Nesta comunicación farase constar, se é o caso, o cumprimento dos requisitos que se establecen no artigo 8 deste regulamento para a renuncia á exención das operacións inmobiliarias, así como o seu exercicio.

O adxudicatario quedará obrigado a poñer en coñecemento do suxeito pasivo do imposto correspondente á devandita operación ou ós seus representantes que exerceu estas facultades, remitíndolle copia da comunicación presentada ante o órga-

no xudicial ou administrativo, no prazo dos sete días seguintes ó da súa presentación ante aquel.

O exercicio desta facultade polo adxudicatario determinará que o suxeito pasivo ou os seus representantes non poidan efectuar-la renuncia ás exencións prevista no número dous do artigo 20 da Lei do imposto, nin proceder á confección da factura en que se documente a operación, nin incluí-la devandita operación nas súas declaracións-liquidacións, nin ingresa-lo imposto devengado con ocasión desta.

2.ª A expedición da factura na que se documente a operación deberá efectuarse no prazo de trinta días a partir do momento da adxudicación.

A devandita factura será confeccionada polo adxudicatario, e nela farase constar, como expedidor desta, o suxeito pasivo titular dos bens ou servizos obxecto da execución e, como destinatario da operación, o adxudicatario.

Estas facturas terán unha serie especial de numeración.

O adxudicatario remitirá unha copia da factura ó suxeito pasivo do imposto, ou ós seus representantes, no prazo dos sete días seguintes á data da súa expedición, debendo quedar en poder do adxudicatario o seu orixinal.

3.ª O adxudicatario efectuará a declaración e ingreso da cota resultante da operación mediante a presentación dunha declaración-liquidación especial de carácter non periódico das que se regulan no número 7 do artigo 71 deste regulamento.

O adxudicatario remitirá unha copia da declaración-liquidación, na que conste a validación do ingreso efectuado, ó suxeito pasivo, ou ós seus representantes, no prazo dos sete días seguintes á data do mencionado ingreso, debendo quedar en poder do adxudicatario o seu orixinal.

4.ª Cando non sexa posible remitirle ó suxeito pasivo ou ós seus representantes a comunicación do exercicio destas facultades, a copia da factura ou da declaración-liquidación a que se refiren as regras 1.ª, 2.ª e 3.ª anteriores por causa non imputable ó adxudicatario, os ditos documentos haberán de remitirse no prazo de sete días desde o momento en que exista constancia de tal imposibilidade, á Axencia Estatal de Administración Tributaria indicando tal circunstancia.»

**Artigo segundo.** *Modificacións do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo cal se regulan as declaracións censuais que han de presentar para os efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios.*

1. Modifícase o artigo 9, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Declaración de comezo.*

1. Os empresarios ou profesionais que vaian comezar en territorio español o exercicio dunha ou varias actividades empresariais ou profesionais deberán presentar unha declaración de alta no censo.

Para os efectos do imposto sobre o valor engadido, na devandita declaración deberá indicarse:

a) Se a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos que constitúen o obxecto da actividade se produce con carácter previo ou simultáneo ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados ó desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional.

b) Ou ben se, pola contra, o comezo na realización habitual das citadas entregas de bens ou prestacións de servizos se producirá con posterioridade ó comezo das referidas actividades.

2. As persoas xurídicas que, sen ser empresarios ou profesionais, satisfagan, aboan ou deban rendementos de traballo, do capital mobiliario ou de actividades profesionais, artísticas ou deportivas, suxeitos a retención, deberán presentar, así mesmo, unha declaración de alta no censo.

Tamén deberán presentar unha declaración de alta no censo as persoas xurídicas que, sen actuar como empresarios ou profesionais nin satisfacer rendementos suxeitos a retención, realicen adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto sobre o valor engadido.

3. Esta declaración permitirá comunicarlle á Administración tributaria os datos recollidos tanto nos artigos 4 a 7 como no punto primeiro do artigo 8 deste real decreto.

4. Así mesmo, esta declaración inicial servirá para os seguintes fins:

a) Solicita-la asignación do número de identificación fiscal, se non se dispuxese del.

b) Nos casos a que se refire a letra b) do segundo parágrafo do número 1 deste artigo, para propoñer á Administración a porcentaxe provisional de dedución a que se refire o número dous do artigo 111 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

c) Renunciar ó réxime de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas ou ós réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o número dous do artigo 137 da mesma lei.

e) Optar pola suxeición ó imposto sobre o valor engadido das adquisicións intracomunitarias de bens, segundo o establecido no artigo 14, número catro, da Lei do imposto sobre o valor engadido, cando o declarante non se atope xa rexistrado no censo.

f) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, número catro, da lei do devandito imposto.

g) Comunica-la suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, números tres e cinco, da lei do devandito imposto, cando o declarante non se atope xa rexistrado no censo.

h) Optar pola determinación do pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no número 3 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

i) Optar pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, prevista no número 1.º do punto dous do artigo 103 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

5. Esta declaración deberá presentarse, segundo os casos, con anterioridade ó inicio das corres-

pondentes actividades, á realización das operacións ou ó nacemento da obriga de reter sobre os rendementos que se satisfagan, aboan ou deban.

Para efectos do disposto neste real decreto, entenderase producido o comezo dunha actividade empresarial ou profesional, desde que se realicen calquera entrega, prestacións ou adquisicións de bens ou servizos, se efectúen cobramentos ou pagamentos ou se contrate persoal laboral, coa finalidade de intervir inmediatamente ou no futuro na produción ou distribución de bens ou servizos.»

2. Modifícase o artigo 10, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 10. *Declaracións de modificación.*

1. Cando varíe calquera dos datos recollidos na declaración de comezo dunha actividade a que se refire o artigo 9 anterior, o obrigado tributario deberá comunicarlle á Administración, mediante a correspondente declaración, a súa modificación.

2. Esta declaración, en particular, servirá para:

a) Poñer en coñecemento da Administración tributaria o cambio de domicilio fiscal, de acordo co previsto no punto segundo do artigo 45 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria e o número 1 do artigo 147 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

b) Comunicarlle á Administración tributaria a variación de calquera das situacións tributarias recollidas no artigo 8 deste real decreto.

c) Comunicalo inicio da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais, cando a declaración de comezo de actividades empresariais ou profesionais se formulase segundo o previsto na letra b) do segundo parágrafo do número 1 do artigo 9 deste real decreto, por producirse o inicio da realización das devanditas entregas de bens ou prestacións de servizos con posterioridade ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados á actividade.

Así mesmo, a declaración de modificación servirá para que aqueles que presentasen con anterioridade a declaración a que se refire a letra a) da letra l) deste punto comuniquen o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á nova actividade constitutiva dun sector diferenciado para os efectos do imposto sobre o valor engadido.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxe a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o número dous do artigo 137 da mesma lei.

e) Comunicarlle á Administración tributaria, por opción ou por supera-los importes que se sinalan na normativa do imposto sobre o valor engadido, a suxeición ó devandito tributo das adquisicións intracomunitarias de bens que realicen os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 14, punto un, números 1.º, 2.º e 3.º, da Lei do imposto e segundo o establecido nos números dous e catro do mesmo precepto legal.

Os suxeitos pasivos a que se refire o parágrafo anterior deberán así mesmo presentar, se é o caso,

declaración de modificación, para comunicarlle á Administración tributaria a non-suxeición das súas adquisicións intracomunitarias de bens cando, non exercendo a opción salientada, presentasen con anterioridade a comunicación a que se refire esta letra e) e as devanditas adquisicións non superen os importes mencionados.

f) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, número catro, da Lei do imposto.

g) Comunicala suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, apartados tres e cinco, da Lei do imposto.

h) Revoga-las opcións a que se refiren as letras d), e) e f) anteriores e as letras d), e) e f) do número 4 do artigo 9, así como comunica-los cambios das situacións a que se refiren a letra g) deste punto e a letra g) do número 4 do artigo 9.

i) Comunicarlle á Administración a superación dos límites de volume de operacións a que se refire o artigo 20, punto un, número 27.º da Lei do imposto sobre o valor engadido, así como a modificación desta circunstancia.

j) Optar ou renunciar á opción para determinar-lo pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no número 3 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

k) Efectua-la opción pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, nos seguintes supostos:

a') O previsto na letra a) do segundo parágrafo do número 1.º do punto 1 do artigo 28 do Regulamento do devandito imposto.

b') O previsto na letra b) do parágrafo citado, no caso en que non se exerce a devandita opción ó tempo de presenta-la declaración de comezo de actividades empresariais ou profesionais.

Así mesmo, a declaración de modificación servirá para efectua-la revogación da opción pola regra de pro rata especial, a que se refire o terceiro parágrafo do devandito número 1.º

l) No caso daqueles que, tendo xa a condición de empresarios ou profesionais por vir realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional que constitúa, para os efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade, e se atopen en calquera das circunstancias que se indican a seguir, para comunicar á Administración a súa concurrencia:

a') Que o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes á nova actividade se producirá con posterioridade ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servicios destinados ó seu desenvolvemento, resultando aplicable o réxime de deducción previsto nos artigos 111, 112 e 113 da Lei do imposto sobre o valor engadido. Neste caso, a declaración conterà tamén a proposta da porcentaxe provisional de deducción a que se refire o número dous do citado artigo 111.

b') Que exercen a opción pola regra de pro rata especial prevista no número 1.º do punto dous do artigo 103 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

3. Esta declaración non será necesaria cando a modificación dun dos datos que figuren no censo se producise por iniciativa dun órgano da propia Administración tributaria.

4. A declaración deberá presentarse no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se produciran os feitos que a determinan, salvo nos casos que se indican a seguir:

a) Deberán presentarse no prazo previsto para cada caso nas disposicións propias do imposto sobre o valor engadido as seguintes declaracións:

a') A declaración necesaria para modifica-las situacións tributarias a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 8 deste real decreto e as declaracións a que se refire a letra d) do número 2 deste artigo, así como as súas correspondentes revogacións.

b') A declaración a que se refire a letra k) do número 2 deste artigo, e a prevista na letra b') da letra l) do mesmo número.

b) As declaracións a que se refire a letra a') da letra l) do número 2 deste artigo deberán presentarse con anterioridade ó momento en que se inicie a nova actividade empresarial ou profesional que vaia constituír, para os efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado de actividade respecto das actividades que se viñan desenvolvendo con anterioridade.

c) As declaracións a que se refiren as letras e), f) e g) do número 2 deste artigo e as súas correspondentes revogacións, así como as revogacións das opcións a que se refiren as letras e), f) e g) do número 4 do artigo 9 deste real decreto, deberán presentarse, sen prexuízo do previsto en normas especiais, na forma e prazos que determine o ministro de Facenda.»

3. Modifícase o número 1 do artigo 17, que quedará redactado do seguinte xeito:

«1. A presentación das declaracións a que se refire este real decreto producirá os efectos propios da presentación das declaracións relativas ó comezo, modificación ou cesamento no exercicio das actividades económicas suxeitas ó imposto sobre o valor engadido.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas.*

Engádese un novo número 5 ó artigo 6, coa seguinte redacción:

«5. A Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación da declaración anual de operacións a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Os acordos a que se refire o parágrafo anterior poderán referirse, entre outros, ós seguintes aspectos:

- a) Campañas de información e difusión.
- b) Asistencia na realización de declaracións e na súa formalización correcta e veraz.
- c) Remisión de declaracións á Administración tributaria.

Mediante orde do ministro de Facenda estableceranse os supostos e condicións en que as entidades que subscribiran os citados acordos poderán

presentar por medios telemáticos a citada declaración en representación de terceiras persoas.

A devandita orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ó devandito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.»

**Disposición adicional única.** *Presentación de declaraciones en euros.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto e ata o 31 de decembro de 2001, os obrigados tributarios que optaran ou opten por expresar en euros as anotacións en tódolos seus libros rexistro esixidos pola normativa fiscal, así como os obrigados tributarios que leven ou levaran a cabo a adaptación ó euro das anotacións nos seus libros de contabilidade esixidos polo Código de comercio ou a lexislación específica que lles sexa aplicable, poderán exercer en calquera momento a opción por presentalas declaracións e autoliquidacións tributarias na devandita unidade monetaria, dentro dos prazos de presentación establecidos na normativa legal e regulamentaria vixente.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## MINISTERIO DO INTERIOR

**18667** *REAL DECRETO 1034/2001, do 21 de setembro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro. («BOE» 240, do 6-10-2001.)*

En cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 5.1 da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, isto é: asegurar un nivel profesional digno e garanti-los léximos intereses a todos cantos interveñen nos espectáculos taurinos, creouse un Rexistro Xeral dos profesionais do sector mediante o Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 176/1992, do 28 de febreiro, que foi derogado polo vixente Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, no que se mantivo a mesma regulación, respecto ó devandito rexistro, ca no real decreto anterior.

A experiencia adquirida desde a creación do devandito rexistro deixou ver unha serie de quebras no enunciado da norma regulamentaria, as cales dificultan o logro dos fins previstos, ó posibilita-los casos de intruismo profesional, así como a adquisición de categorías sen a debida preparación que o decoro, a dignidade profesional e a seguridade das persoas esixen.

Outro aspecto preciso do vixente regulamento, as condicións esixidas no artigo 21.2 ás prazas portátiles en canto ás dimensións da area, a barreira, os burladeros e o callejón, que viñan a se-las mesmas que as que se esixían ás prazas permanentes, comprobouse na práctica que resultan excesivas, sendo por outra parte acon-

sellable distinguir en canto ás medidas mínimas que precisan os elementos referidos entre as prazas en que se celebran todo tipo de espectáculos taurinos e naqueloutras dedicadas exclusivamente á celebración de festexos populares ou á lida de machos de menos de tres anos, o que recomenda a puntual modificación do precepto.

Resulta ademais obrigado recupera-lo parágrafo que figuraba entre os parágrafos c) e d) do artigo 29 do Regulamento de espectáculos taurinos, na súa anterior redacción de 1992 (actual artigo 28); así como especificar no artigo 70.2 que o axudante do mozo de espadas formará parte da cuadrilla, sempre que actúe.

Finalmente, para favorece-lo funcionamento das escolas de tauromaquia, ineludible labor de fomento das administracións públicas, e ofrecer maiores posibilidades de formación ós seus alumnos, modifícase o artigo 92 do regulamento, dando entrada á posibilidade de que as súas clases prácticas poidan consistir na reprodución das faenas campeiras de selección das reses de lida.

Co fin de supli-las referidas lagoas ou deficiencias normativas, e mellor garanti-lo cumprimento dos obxectivos do referido artigo 5.1 do texto legal, procédese a modifica-la redacción de diversos artigos do Regulamento de espectáculos taurinos vixente, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, oída a Comisión Consultiva Nacional de Asuntos Taurinos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2001,

DISPONGO:

**Artigo único.**

O capítulo I do título II; os números 1 e 2 do artigo 21; o artigo 28; o número 2 do artigo 70, e os números 5 e 6 do artigo 92 do Regulamento de espectáculos taurinos, aprobado polo Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, que a continuación se relacionan, quedan redactados do seguinte xeito:

«A) TÍTULO II

**Dos rexistros profesionais taurinos e de empresas gandeiras de reses de lida**

CAPÍTULO I

**Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos**

Artigo 2.

1. Co fin de asegurar un nivel profesional digno e de garanti-los léximos intereses de cantos interveñen nos espectáculos taurinos, créase no Ministerio do Interior un Rexistro Xeral de Profesionais Taurinos.

2. O rexistro estrutúrase nas seguintes seccións:

Sección I: Matador de touros.

Sección II: Matadores de novillos con picadores.

Sección III: Matadores de novillos sen picadores.

Sección IV: Rejoneadores.

Sección V: Banderilleiros e picadores.

Sección VI: Toureiros cómicos.

Sección VII: Mozos de espada.